

EDDINGTON

Ari Aster, 2025

1596

ESTREA EN NUMAX: 19.09.2025 | V.O.S.E. | +16 | 145 min

Maio de 2020. Nunha viaxe por estrada, unha parella queda atrapada en Eddington, unha pequena poboación de Novo México durante a pandemia. Inicialmente son ben acollidos, pero todo dá un xiro sinistro ao caer a noite. O enfrontamento entre o sheriff (Joaquin Phoenix) e o alcalde (Pedro Pascal) desata o caos cando os veciños se enfrontan entre si.

«Ari Aster confecciona un pesadelo de terror psicolóxico que describe puntual a paranoia na que vivimos. Dolorosa marabilla»

Luis Martínez, EL MUNDO



Unha brillante sátira con ecos de western

Por Javier Zurro

En que momento se foi Perú ao garete? Preguntábase Mario Vargas Llosa en “Conversación en la Catedral”. Parece que Ari Aster leve tempo preguntándose “en que momento se foderon os EEUU?” Ou polo menos, en que momento todo se saíu de nai. Os problemas do seu país non son de agora, nin levan poucos anos —ese capitalismo exacerbado do sálvese quen poida non se creou onte—, pero é certo que tanto alí como en todo o mundo, houbo un punto de inflexión recente que fixo que todo se desboque. Foi a pandemia.

É nese momento onde Ari Aster, o director de dúas excelentes películas de terror como *Hereditary* ou *Midsommar*, coloca a trama da súa nova película, *Eddington*. Así se chama a vila próxima á fronteira de México onde un acontecemento en principio mundano, un shériff —espectacular Joaquin Phoenix— que se nega a poñer a máscara para entrar nos sitios, se converte no detonador dunha serie de catástrofes. O shériff, casado cunha muller (Emma Stone) traumatizada que vive xunto á súa nai, adicta ás teorías conspiratorias, acabará presentándose ás eleccións locais fronte un home latino aparentemente perfecto, Pedro Pascal.

Aster comeza *Eddington* como unha sátira aceda na que moitos ata poderán criticalo de equidistante. Parece que os seus dardos atacan á dereita e á esquerda... pero non é certo. O que fai Aster é crear un caldo de cultivo onde un é capaz de crer todo porque xa nada é fiable. Con todo, fronte ao nihilismo individualista de directores como Ruben Östlund, que nas súas películas ofrece un retrato desapiadado culpando o home de ser un lobo para o home, Aster apunta ao sistema. Un sistema onde os empresarios (de Intelixencia Artificial nin máis nin menos), son capaces de colocar líderes políticos ao seu antollo. Onde o único ideal de EEUU é o diñeiro.

É verdade que Aster tamén mostra a hipocrisía do progresismo (do home branco), con eses mozos que son capaces de apuntarse a unha manifestación para ligar, ou que repiten mantras que nin sequera entenden. Mozos obsesionados coas redes sociais, cos móbiles —que importantes como elemento narrativo nesta película— e co relato que venden deles mesmos. Aster conta coa axuda inestimable de Joaquin Phoenix, que tamén protagonizou a súa anterior película *Beau ten medo*, e que aquí se entrega en corpo (cun espido final ao que poucas estrelas accederían) e alma nunha interpretación memorable.

Pero *Eddington* non é equidistante. O que mostra é que EEUU é un país absolutamente corrompido onde unha soa pinga pode colmar o vaso. Foi a covid, e con ela todo desembocou, como o seu filme, nun esmendrelle paranoico e exasperado. No seu terceiro acto o director dá unha labazada a man aberta a un país que nega os seus problemas co racismo, as fronteiras ou as armas. Todo iso aparece en *Eddington*, que ademais se permite coquetear co western, xénero fundacional de EEUU, o que marcou unhas pautas de en que había que crer. Non é casualidade que Aster elixa ese xénero como referencia para crear unha versión moderna que desmitifica todos os valores que se encargaron de contar John Wayne e compañía. Non hai esperanza para Aster, para o que o sistema nunca se vai destruír, só vai mutar e aí sempre sobreviven os mesmos: os grandes empresarios.